


# CONCELLO DA LARACHA



## LUGARES E ACONTECEMENTOS DE INTERESE TURÍSTICO

### CAIÓN



A parroquia de Caión é o único enclave costeiro do municipio.

Limita ao norte co Océano Atlántico, ao sur coa parroquia de Lendo e os concellos de Arteixo e Carballo ao leste e ao oeste.

Ten unha poboación de arredor dos 900 habitantes.

Ata os anos 80 a maioría da poboación estaba integrada no sector pesqueiro, que se dedicaba á pesca artesá de cerco e ao marisqueo. Hoxe en día a actividade produtiva estrutúrase por orde de importancia de maior a menor en:

- Todo o relacionado coa pesca e o marisqueo.
- Servizos, destacando a hostalaría.
- Construción.
- Industria, destaca a cetaria de mariscos.
- Agricultura, ocupa unha pequena parte da poboación. A cebola é o produto representativo da zona.

Caión, típica vila mariñeira, é o comezo da Costa da Morte e conta cunha enorme beleza paisaxística que serve de reclamo ao elevado número de turistas que visitan esta vila. Dela podemos destacar a **praia**, o **paseo marítimo**, o **porto**, a **praza** e o **Santuario dos Milagres**.

Desde a **Atalaia de Caión** podemos gozar dunhas vistas increíbles. No século XVI, os habitantes da vila, situábanse alí para controlar o paso das baleas, pois Caión foi,

antigamente, un importante porto baleeiro. É por esta razón que o escudo do noso concello leva debuxado no seu interior unha balea sucando o mar.

Sábese que a captura de baleas nas nosas costas se practicaba desde o século XIII, aínda que non eran os galegos os que se dedicaban a esa actividade, senón pescadores cántabros e vascos. As baleas capturadas eran preparadas para o seu envío a Francia nas nosas praias. Isto deu lugar a protestas dos mariñeiros, xa que os desperdicios contaminaban as augas provocando que as especies mariñas que se capturaban abandonaran esta zona. Esta oposición, xunto ao quecemento das augas, fixo que as baleas se afastaran das nosas costas e con elas os baleeiros.

## ROMARÍA DOS MILAGRES EN CAIÓN

A Romaría dos Milagres é unha festa popular marcada pola devoción relixiosa, que ten como lugar de referencia o **Santuario da Virxe dos Milagres**. Trátase dunha romaría moi concorrida, famosa en toda a Costa da Morte. Celébrase o 8 de setembro, e vai acompañada de música, baile e moita alegría.

## SOANDRES


Soandres é a parroquia máis extensa do Concello da Laracha. Xeograficamente representa a zona máis alta do municipio. A paisaxe conforma unha estampa da natureza bergantiñá, onde aínda podemos atopar carballeiras e soutos. Poderemos gozar das súas vistas desde o **Miradoiro de Santa Marta**.



Sen dúbida, o máis destacado é a arquitectura, representada polo antigo **Mosteiro de San Pedro de Soandres**, o conxunto arquitectónico máis importante da comarca.

Quizais Soandres sexa un deses lugares excepcionais onde se mesturan no mesmo ambiente a cultura tradicional do lugar e a natureza que o envolve.

## ÁREA RECREATIVA DE GABENLLE



Trátase dun lugar de espaxamento situado na parroquia de Torás. Conta con todos o servizos propios dunha área recreativa: merendeiros, parque infantil, aseos, etc. É un espazo moi concorrido en épocas estivais.

## PASEO FLUVIAL DE GABENLLE

Nace na Área Recreativa. Son dous quilómetros e medio de paseo por camiños de madeira, que serviron para rexenerar o leito do Río Anllóns. É un lugar perfecto para a práctica do sendeirismo. Ao longo do camiño tamén se poden ver os muíños de auga reconstruídos.

## MUSEO DE INTERPRETACIÓN DE MUÍÑOS DE AUGA DA COSTA DA MORTE

Proximamente abrirá as súas portas este museo na Antiga Casa Reitoral de Golmar, que se converterá nunha referencia nesta materia en toda a Costa da Morte.

## FEIRA DAS CEREIXAS

O primeiro domingo do mes de xullo, celébrase en Paiosaco, lugar recoñecido en toda a comarca polas súas famosas feiras dos 1º e 3º domingo de cada mes, a Feira das Cereixas. Trátase dunha festa gastronómica, na que se exalta este produto, que antigamente era de procedencia local e na actualidade procede doutros lugares.